

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Chantada, concello de 8.324 habitantes (IGE: 2018), dos cales 2.568 teñen máis de 65 anos, o 30,8% da poboación, conta cunha residencia de maiores de 201 prazas, 122 delas para persoas con dependencia, financiadas pola Xunta.

Dita residencia, aberta no 2002, é de iniciativa privada, da entidade Geriatros S.A., está a recibir queixas respecto ao seu funcionamento por parte de persoas usuarias e familiares.

En primeiro lugar, as críticas alertan da escaseza de persoal do centro e a redución do tempo de atención médica.

Apuntan tamén ao peche da cafetería e á non correspondencia dos menús cos indicados. Sinalan, a este respecto, que é frecuente que as persoas con posibles merquen comida fóra do centro.

As familias indican tamén que hai unha falta de mantemento, estando estragados timbres e interruptores.

A falta de persoal, motiva, segundo familiares de residentes, a menor frecuencia de aseo en persoas dependentes.

Asemade, sinalan a inexistencia de espazo para persoas fumadoras.





Ante todas estas queixas, familiares das persoas residentes critican a actitude da dirección, á que acusan de non aceptar suxestión e de non facilitar información.

As condicións laborais nas residencias de maiores privadas de Galiza son moi precarias, algo permitido pola Xunta, que mantén un Decreto regulador do persoal das residencias privadas que dispón unhas rateos de persoal nidiamente insuficientes, agravado polo feito de que a inspección ten en conta en global todo o persoal do centro, e non só o de atención directa.

Son competencias da Xunta de Galicia o establecemento do marco normativo en materia de servizos sociais, así como a autorización e acreditación de centros, servizos e programas sociais, así como a súa tipificación e a regulamentación dos requisitos mínimos, tanto xerais coma específicos, que necesariamente deben cumprir, así como a supervisión e avaliación da calidade na prestación dos servizos sociais, para o que se establecerán mecanismos de control obxectivo e continuo deles, así como o exercicio das potestades inspectora e sancionadora. Pero esta labor inspectora está moi mermada, como ten alertado o propio Consello de Contas, que sinala que a Inspección de Servizos Sociais mantivo a mesma estrutura interna e número de efectivos a pesar de aumentaren o número de centros de maiores a inspeccionar. De feito, pese a detectar incidencias nos centros residenciais que non se corruxiron, a Xunta non iniciou expedientes sancionadores.

A Xunta, con competencias plenas en materia de Asistencia Social, é plenamente responsable da situación sociosanitaria das persoas ingresadas nas residencias da terceira idade e é responsable indirecta das precarias condicións laborais do seu persoal.





En Galiza, a porcentaxe de prazas privadas en residencias sobre o total (67%) é a maior de todo o Estado, e dende 2002 non fixo máis que aumentar. A modalidade de xestión máis elixida nos últimos anos foi o concerto, prazas polas que a Xunta paga un 8% máis que se as xestionara de xeito directo.

É unha cuestión de modelo social: dereitos ou negocios.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte a Xunta de Galicia para a súa resposta oral:

1. É coñecedora a Xunta das queixas a respecto do funcionamento da residencia de mairess de Chantada?
2. Cantas inspeccións se teñen producido no centro dende 2016?
3. Cantas persoas tuteladas pola FUNGA son residentes da residencia de Chantada?
4. Que opinión ten a Xunta as queixas expostas polas persoas familiares de residentes na residencia de Chantada?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**





**Paula Vázquez Verao na data 17/01/2019 18:13:11**

